

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: Ceip Juan Rey
CURSO: 5º
MATERIA: Ciencias sociais
DEPARTAMENTO:
DATA:

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS	
B1.1. Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación do resultados.	CSB1.1.1. Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.
	CSB1.1.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.
	CSB1.1.3. Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.
B1.3. Coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais, así como comprender diferentes linguaxes recollidos en textos de carácter social, xeográfico ou histórico.	CSB1.3.1. Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais.
	CSB1.3.3. Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.
BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO	
B4.1. Explicar as características de cada tempo histórico estudado e certos acontecementos desas épocas que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia.	CSB4.1.1 Identifica a idea de idade da historia e data a Idade Media e Moderna, asociándoas aos feitos que marcan os seus inicios e finais.
B4.4 Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e acontecementos históricos, políticos, sociais e culturais máis relevantes da historia de España para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.	CSB4.4.1 Sitúa nunha liña do tempo as etapas históricas máis importantes da Idade Media e Idade Moderna en España.
	CSB4.4.2 Identifica e localiza no tempo e no espazo os feitos fundamentais da historia medieval e moderna de España, describindo as principais características de cada unha delas.
	CSB4.4.3 Explica aspectos relacionados coa forma de vida e organización social de España das distintas épocas históricas estudadas.
	CSB4.4.5 Identifica as características distintivas das culturas que conviviron nos reinos peninsulares durante a Idade Media describindo a evolución política e os distintos modelos sociais.
	CSB4.4.4 Describe en orde cronolóxica os principais movementos artísticos e culturais da Idade Media e da Idade Moderna en España citando aos seus representantes máis significativos.
	CSB4.4.6 Explica as características da Idade Moderna e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia neste período de tempo (Monarquía dos Austrias, s. XVI-XVII. Os Borbóns, s. XVIII).
B4.6. Valorar a importancia dos museos, sitios e monumentos históricos como	CSB4.6.1 Aprecia a herdanza cultural a escala local e nacional como a riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar.

<p>espazos onde se ensina e aprende, amosando unha actitude de respecto á súa contorna e á súa cultura, apreciando a herdanza cultural.</p>	
<p>B4.2.Coñecer a importancia das fontes históricas para o estudo da historia, diferenciando entre fontes primarias e secundarias.</p>	<p>CSB4.2.1 Coñece algunhas fontes da historia representativas de cada unha das idades da historia, facendo fincapé na Idade Contemporánea.</p>
<p>B4.5.Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.</p>	<p>CSB4.5.1 Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.</p>

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Para avaliar empregaremos as producións do alumnado, así como a observación sistemática destes, a través de chamadas e videoconferencias
	Instrumentos: <ul style="list-style-type: none">- Kahoot, quizziz, xogos de geneally...- Formularios de Google- Produción do alumnado- Vídeos e audios de Whatsapp- Videoconferencias
Cualificación final	A cualificación final do curso será a media das dúas primeiras avaliaci3ns, podendo subir o alumnado ata un máximo de 2 puntos se se considera que o seu rendemento, traballo e coñecemento sobre os contidos permite dita subida.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	As ciencias sociais trabállanse una vez a semana, na cal se lles envía ao alumnado un resumo dun contido e unas actividades sinxelas. Ao rematar o contido relacionado con ese tema realizase un kahoot ou similar e informase as familias do resultado das mesmas. As actividades principalmente son de ampliación do terceiro trimestre e repaso de aqueles aprendizaxes esenciais do 1º e 2º.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Alumnado con conectividade: Dos 15 alumnos conéctanse con regularidade ao webex 10, os outro 5 son alumnado cun so móbil na casa o que fai bastante difícil a súa conexión. Estes 10, ven as tarefas no Blog de aula e fan as tarefas que envían para a súa revisión a través de imaxes ou escáneos Alumnado sen conectividade: Dos 5 alumnos sen conectividade: dúas traballan mediante videochamada de Whatsapp coa PT, dado que teñen grandes dificultades na comprensión da linguaxe. 1 alumno cun so móbil na casa para compartir co seu irmán, fai o procedemento dos de conectividade, pero as dúbidas respondemoslas por chamada. A outra alumna sen conectividade envíanselle a casa as tarefas mediante os servicios sociais do concello.
Materiais e recursos	Os materiais e Recursos empregados pódense atopar no blog de aula. Entre eles destacan os videos de Youtube, audios, pdf...

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Para a comunicación das familias, dado que das 15 so dúas tiñan abalar móbil, decidiuse establecer comunicación mediante grupo de Whatsapp. Dentro deste grupo realízanse as comunicacións oficiais para todas as familias. Realízanse tamén titorías cos pais mediante chamadas, para resolver dúbidas administrativas e educativas.
Publicidade	Será publicado na páxina web